



# CPI DE MONDARIZ

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. **Introdución**

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. **Situación de partida**

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. **Plan de Acción**

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

## 4. **Avaliación do PD**

## 5. **Difusión do PD**

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

A denominación oficial do centro é “ Centro Público Integrado de Educación Infantil, Primaria e ESO de Mondariz”. Foi inaugurado no curso 1972-73. É un centro de titularidade pública dependente da consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, é polo tanto, aberto a tódolos alumnos e alumnas que reúnan os requisitos establecidos pola lei independentemente da súa raza, sexo ou crenzas relixiosas. Proclámase aconfesional e respectuoso con tódalas crenzas. Igualmente maniféstase polo pluralismo ideolóxico e político e pola renuncia a todo tipo de adoutramento. Encóntrase situado na Avda. do Grupo Escolar, nº39, dentro do casco urbano do pobo de Mondariz (Pontevedra) e limitando gran parte do seu recinto con zona forestal. As etapas educativas do centro son as de Educación Infantil (3 unidades), Educación Primaria (9 unidades) e Educación Secundaria Obrigatoria (7 unidades). O número de alumn@s oscila arredor dos 322 (55 alumn@s de Infantil; 149 de Primaria; 118 de secundaria). Na actualidade, prestan os seus servizos 43 profesores, nos que se inclúen unha orientadora, dous profesores de Pedagogía Terapéutica, un de Audición e Linguaxe e dous profesores de Relixión. Tamén conta o colexio cunha coidadora que desenvolve a súas funcións atendendo a una alumna con necesidades educativas especiais. Ademais, traballan no centro unha administrativa, un conserxe, tres persoas do equipo de limpeza, e doce coidadoras que atenden ao servizo do comedor. Para a nosa comunicación nas redes utilizamos as seguintes direccións:

Correo: [cpi.mondariz@edu.xunta.es](mailto:cpi.mondariz@edu.xunta.es),

Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpimondariz/taxonomy/term/96>

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

As principais actividades económicas da zona sitúanse arredor do sector primario, completándose e compaxinándose co traballo na industria e no sector servizos, levado a cabo, en moitos casos, fóra da localidade. O comercio cobra gran importancia o domingo, xa que na capitalidade do concello hai feira á que asiste a xente a mercar. Desde anos para acá a poboación rural vai diminuindo e tende a concentrarse na capitalidade do Concello, así como hai constancia de familias que viven a cabalo entre a próxima Pontearas e o propio concello, e as fins de semana desprázanse cara á súa aldea. A xente da comarca segue a manter vivas as tradicións, aínda que cada vez son menos os artesáns que se dedican a estes oficios. Entre os principais servizos que ofrece o Concello e que redundan no labor educativo, atópanse a Biblioteca Municipal, a Escola de Música á cal acoden moitos alumnos e alumnas do centro, un Telecentro dotado de puntos de Internet, algunhas áreas de recreo ó longo do río, varias pistas deportivas e campos de fútbol. A influencia da área metropolitana de Vigo déixase notar en múltiples aspectos da dinámica social e económica (emprego industrial e de servizos, mobilidade diaria vivenda-traballo, agricultura a tempo parcial e de fin de semana, mercados para a pequena produción agrícola perecedeira, segunda residencia e efectos sobre o prezo da terra, etc). Outro polo de referencia é o núcleo de Pontearas, cuxo dinamismo o esta á converter nun elemento de atracción, tanto na creación de postos de traballo como para actividades de consumo e ocio da poboación de Mondariz e do resto da comarca. Tamén a posición fronteiriza con Portugal se deixa sentir en aspectos significativos da vida social e comercial.

Un 50% da poboación ten unha titulación equivalente ó graduado escolar ou bacharelato, o 37% da poboación ten estudos primarios. Só un 6% da poboación ten estudos superiores. Existe asemade,

un 6% da poboación sen estudos e un 1% da poboación con analfabetismo. Analizando os datos que se desprenden dos informes do Instituto Galego de Estatística, atopámonos con niveis formativos moi inferiores ó que sería desexable.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

### 1.4. Proceso de elaboración

#### DATAS DAS ACTAS E INFORMACIÓN

Data	Horas	Tipo	Observacións
22/11/2021	16:00 - 20:00		<p>Observacións:</p> <p>Orden do día: Constitución do equipo e establecemento de obxectivos prioritarios.</p> <p>Temas tratados: Constitución do equipo e establecemento de obxectivos prioritarios.</p> <p>Acordos e compromisos: Consultar os seguintes pasos a seguir.</p> <p>Propostas para a próxima xuntanza: Que veña algún asesor para resolver dúbidas iniciais e prazos de entrega.</p>
29/11/2021	18:00 - 20:00		<p>Observacións:</p> <p>Orden do día: Visita do asesor do Plan Dixital</p> <p>Temas tratados: Pasos a seguir, prazos e aclaración de dúbidas.</p> <p>Acordos e compromisos: Implicación do profesorado na realización das enquisas Selfie e agardar os resultados.</p> <p>Propostas para a próxima xuntanza: Envío e valoración dos resultados da enquisa.</p>

			<p>Observacións:</p> <p>Orden do día: Envío de resultados da enquisa SELFIE.</p> <p>Temas tratados: Enquisa SELFIE.</p> <p>Acordos e compromisos: Agardar ás instrucións do asesor.</p> <p>Propostas para a próxima xuntanza: Dar información ao profesorado para a realización do test de competencia dixital.</p>
20/12/2021	18:00 - 20:00		<p>Observacións:</p> <p>Orden do día: Posta en común do informe DAFO.</p> <p>Temas tratados: Revisión dos datos das enquisas SELFIE e test de competencia dixital.</p> <p>Acordos e compromisos: Solicitar axuda do asesor para resolver dúbidas que xurdiron.</p> <p>Propostas para a próxima xuntanza: Resolución de dúbidas sobre a elaboración do informe.</p>
07/03/2022	17:00 - 21:00		<p>Observacións:</p> <p>Orden do día: O informe DAFO.</p> <p>Temas tratados: Dúbidas e liñas xerais de actuación.</p> <p>Acordos e compromisos: Elaboración do informe a partir das enquisas previas.</p> <p>Propostas para a próxima xuntanza: Remate e entrega do informe DAFO.</p>
09/03/2022	16:30 - 18:30	<p>Docencia</p> <p>Relatores da xornada:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cividanes Alonso, José Benito</li> </ul>	<p>Observacións:</p> <p>Orden do día: Elaboración do informe DAFO.</p> <p>Temas tratados: O informe DAFO.</p> <p>Acordos e compromisos: Agardar a resposta do asesor para a posible corrección do informe.</p> <p>Propostas para a próxima xuntanza: Preparación do plan de acción.</p>
14/03/2022	18:00 - 21:00		<p>Observacións:</p> <p>Orden do día: Posta en común de propostas para a realización do plan dixital.</p> <p>Temas tratados: Necesidades máis importantes que deberemos incluír no plan dixital.</p> <p>Acordos e compromisos: Busca individual de como desenvolver as necesidades prioritarias que acordamos para o plan dixital.</p> <p>Propostas para a próxima xuntanza: Remate da táboa de obxectivos do plan dixital.</p>
18/04/2022	16:00 - 20:00		<p>Observacións:</p> <p>Orden do día:</p> <p>Temas tratados:</p> <p>Acordos e compromisos:</p> <p>Propostas para a próxima xuntanza:</p>
19/04/2022	16:30 - 18:30	<p>Docencia</p> <p>Relatores da xornada:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cividanes Alonso, José Benito</li> <li>- Gómez Fernández, José Emilio</li> <li>- Cobelas Sobrino, Jorge</li> </ul>	<p>Observacións:</p> <p>Orden do día:</p> <p>Temas tratados:</p> <p>Acordos e compromisos:</p> <p>Propostas para a próxima xuntanza:</p>

09/05/2022	16:00 - 20:00	Observacións: Orden do día: Elaboración do plan de acción dixital. Temas tratados: Posta en común e elaboración do plan de acción para o curso seguinte. Acordos e compromisos: Rematar e entregar o documento. Propostas para a próxima xuntanza: Agardar a resposta do asesor para a posible corrección do informe.
26/05/2022	16:00 - 19:00	Observacións: Orden do día: Temas tratados: Elaboración da memoria final Acordos e compromisos: Propostas para a próxima xuntanza:

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro conta con:

1 ordenador en todas as aulas, ademais de haber 15 na aula de informática, 4 na sala de profes e 4 para o equipo directivo pero son todos moi antigos e van moi lentos.

O material propio de Edixgal para 5º e 6º de primaria e toda a ESO.

10 tablets de máis de 10 anos e dúas para o uso do Departamento de Orientación.

Proxectores en tódalas aulas.

Pizarras dixitais en tódalas aulas excepto primeiro, segundos e cuarto.

O centro conta con 6 escornabots na aua de tecnoloxía, e con 8 en primaria.

Impresora 3D na aula de tecnoloxía.

A conexión de internet no centro conta cunha para cubrir as necesidades de todo o centro e a propia de Edixgal. Esta conexión non é suficiente xa que o edificio de infantil non cubre as necesidades mínimas, tendo moitos cortes e velocidade moi baixa.

Como servizos dixitais para a comunicación interna e exterior contamos coa páxina web do centro, con Abalarmóbil, aula virtual e Edixgal.

O centro ten contratado un técnico para solventar as incidencias que non son de Edixgal .

Enlace ao plan de continxencia do curso 21-22:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpimondariz/taxonomy/term/101>

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa:

Áreas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
<b>A -Liderado</b>	Equipo Direct.	3,7	3,6			
	Profesorado	3,2	3,7			
	Alumnado					
<b>B- Colaboración e redes</b>	Equipo Direct.	3	3,2			
	Profesorado	2,6	2,9			
	Alumnado	2,5	3,2			
<b>C- Infraestruturas e Equipos</b>	Equipo Direct.	3,4	3,6			
	Profesorado	3,3	3,5			
	Alumnado	4,1	3,9			
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.	4,2	4,3			
	Profesorado	3,6	3,4			
	Alumnado					
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	3,8	4,1			
	Profesorado	3,6	4			
	Alumnado		4,2			
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	3,3	3,3			
	Profesorado	3,5	3,5			
	Alumnado	3,5	3,4			
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	3	3			
	Profesorado	2,9	3,2			
	Alumnado		3,1			
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	2,9	4,1			
	Profesorado	2,6	3,4			
	Alumnado	4,2	3,5			

Test CDD:

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	20	25	80%
<b>PROVISIONAL</b>	3	5	60%
<b>INTERINO</b>	5	11	45,5%
<b>SUBSTITUTO</b>	2	4	50%
<b>DESPRAZADO</b>	1	1	100%

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
79,5	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>ESO</b>	82,6	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
<b>BAC</b>	75,6	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)

<b>F.P</b>	83,1	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
------------	------	-------------------	----	-------------------

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	1	3,2%
<b>A2</b>	11	35,5%
<b>B1</b>	12	38,7%
<b>B2</b>	3	9,7%
<b>C1</b>	5	16,1%
<b>C2</b>	0	0%
<b>TOTAL</b>	32	

## 2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	<b>INFRAESTRUCTURAS- EQUIPAMENTO</b>	1. A infraestrutura e equipamento en secundaria é satisfactoria. 2. A cantidade de dispositivos dixitais, grazas ao plan Edixgal, é satisfactoria.	1. A infraestrutura e equipamento en primaria non é satisfactoria. 2. O acceso á Internet é deficiente con baixa velocidade e continuos cortes. 3. O profesorado e sobre todo a dirección, sente que a asistencia técnica é deficiente 4. O número de dispositivos dixitais nos cursos sen Edixgal é insuficiente.
	<b>PERSONAL DOCENTE</b>	1.Utiliza as novas modalidades de ensinanza. 2. A cantidade de recursos existentes en liña e creación dos mesmos por parte do profesorado é suficiente. 3. Utiliza recursos dixitais para a avaliación do alumnado. 4.Considera positivas as actividades DPC.	1. A colaboración entre o profesorado non é de todo satisfactoria. 2.O profesorado sente que non se cobren as súas necesidades de DPC. 3. Excesiva eventualidade do profesorado.
	<b>PERSONAL NON DOCENTE</b>	A competencia dixital do persoal non docente que utiliza os equipos é moi boa.	
	<b>ALUMNADO</b>	1. A valoración do alumnado dos entornos dixitais de aprendizaxe é positiva. 2. As tecnoloxías dixitais están adaptadas ás necesidades do alumnado. 3. Utiliza as TIC con seguridade e responsabilidade. 4. Utiliza os equipos máis para as tarefas escolares e menos para o ocio.	1. O alumnado cre que ten unha competencia dixital maior da que ten na realidade. 2. Ata 5º de primaria, o alumnado non ten contacto coas ferramentas dixitais para traballar.
	<b>FAMILIAS</b>	Actitude aceptablemente receptiva ante o uso das novas tecnoloxías.	1. Non se pon en valor o uso das novas tecnoloxías no ensino. 2. O equipamento dixital nas casas nos cursos sen Edixgal non é o apropiado para as actividades educativas.
	<b>OFERTA</b>	Liña aberta de PFPP	A pesar de haber unha liña aberta de PFPP, existencia pobre de proxectos interdisciplinares
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	Actitude aceptablemente receptiva ante o uso das novas tecnoloxías.	1. O equipo directivo non comunica con éxito a estratexia dixital do centro ao profesorado de primaria. 2. O equipo directivo de secundaria non ten clara cal é a estratexia dixital do centro.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	O profesorado non nota falta de fondos.	O mantemento da infraestrutura e do equipamento é deficiente.
	<b>LEXISLACIÓN</b>	Implantación do Plan dixital do centro.	Exceso de burocratización da actividade docente.
	<b>CONTORNA</b>		1. Baixa competencia dixital das familias. 2. Nivel de infraestruturas baixo. 3. Poboación moi dispersa con falta de comunicación co núcleo.
	<b>ANPA</b>	Intenta colaborar activamente co centro.	Pouca afiliación das familias.
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>		



### **3. Plan de Acción**

#### **3.1. Obxectivos, indicadores e accións**

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”:						
OBXECTIVO (1):	Mellora do equipamento e infraestrutura do centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Administración e centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)						
Valor de partida (3)	2 sobre 10					
Valor previsto e data (4)	8 sobre 10 Xuño 2023					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Mellora do espazo da aula de informática de primaria	Equipo directivo, coordinador TIC, persoal docente.	Xuño 2023	Mobiliario adaptado ás necesidades da aula.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Conseguir acceso á rede de alta velocidade no edificio de educación infantil para empregar recursos dixitais na docencia.	Equipo directivo, coordinador TIC, persoal docente.	Xuño 2023	Cinco puntos de acceso para as aulas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Mellora do equipamento na aula de informática de primaria.	Equipo directivo, coordinador TIC, persoal docente.	Xuño 2023	Dotación de 25 novos equipos de sobremesa debido a que os actuais fallan e están obsoletos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A01.4: Mellora do equipamento na sala de profesores.	Equipo directivo, coordinador TIC, persoal docente	Xuño 2023	Dotación de 4 novos equipos ou reparación dos existentes equipos de sobremesa xa que son excesivamente lentos e antigos.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
A01.5: Dotación de novas tabletas para a biblioteca.	Equipo directivo, coordinador TIC, persoal docente	Xuño 2023	Dotación de 10 tabletas para a biblioteca porque as que temos son excesivamente antigas e obsoletas.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

“Área/s de mellora”:						
OBXECTIVO (1):	Promover a implementación na aula de xeito pedagóxico dos recursos dixitais.				Acadado	
RESPONSABLE:	Centro educativo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)						
Valor de partida (3)	4 sobre 10					
Valor previsto e data (4)	8 sobre 10 Xuño 2023					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Motivar ao profesorado para o uso diario dos recursos dixitais na aula.	Equipo directivo, coordinador TIC, persoal docente.	Xuño 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora":						
OBXECTIVO (1):	Formación do alumnado				Acadado	
RESPONSABLE:	Centro educativo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)						
Valor de partida (3)	4 sobre 10					
Valor previsto e data (4)	8 sobre 10 Xuño 2023					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Programación dos horarios das aulas de informática para que todo o alumnado dende infantil teñan acceso semanal aos equipos.	Equipo directivo, coordinador TIC, persoal docente.	Xuño 2023	Ordenadores das aulas de informática.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Actualización regular do software.	Equipo directivo, coordinador TIC, persoal docente.	Xuño 2023	Software actualizado regularmente para as dúas aulas de informática.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

#### **4. Avaliación do plan**

- Farase unha avaliación procesual unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- Farase unha avaliación final unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

#### **5. Difusión do plan**

Para a difusión e a información relativa ao Plan Dixital utilizaremos as seguintes canles:

Páxina web, aula virtual e correo corporativo.